

## AXUDAS ANUAIS A DEPORTISTAS

Tempada 2006 - 2007 - CIRCULAR 06-06

Para percibir as Axudas Anuais a Deportistas correspondentes á tempada 2005-2006, teranse que cumprir os seguintes requisitos:

1. Ter tramitada a licenza de "Deportista de Competición" pola Federación Galega de Natación na tempada 2005-2006, e ter participado regularmente nas competicións organizadas por esta Federación.
2. A tramitación da licenza de deportista por un club que non pertenza á Federación Galega de Natación, ou a tramitación da licenza estatal por un club que non pertenza á Federación Galega de Natación, suporá, no momento da devandita tramitación, a perda de todos os dereitos, tanto de acumulación de méritos como de retribución de importes.
3. Obter un mínimo de 100 puntos no cómputo final do baremo de puntuación.
4. Para obtelas ser nado no ano 1990 ou anteriores. Os méritos considerados serán os correspondentes exclusivamente a competicións absolutas.

### Baremo de Puntuación

#### Alínea 1: Records Galegos

|  |           |
|--|-----------|
| - Por cada record galego, probas individuais               | 30 puntos |
| - Por cada record galego, probas de relevos                | 10 puntos |
| - Por cada record do Campionato Galego, probas individuais | 5 puntos  |
| - Por cada record do Campionato Galego, probas de relevos  | 2 puntos  |

Os records batidos en probas que se desenvolvan polo sistema de eliminatorias e finais, se se acadan na mesma proba en ambas fases, computaranse unha soa vez. Os records galegos que sexan batidos nos campionatos galegos puntuarán unicamente como estes e non como records de Campionato.

#### Alínea 2: Campionatos Galegos Absolutos de Inverno e Verán

|                     |          |
|---------------------|----------|
| - Medalla de bronce | 2 puntos |
| - Medalla de prata  | 4 puntos |
| - Medalla de ouro   | 8 puntos |

Unicamente probas individuais.

#### Alínea 3: Campionatos de España Absolutos de Inverno e Verán

|   |            |
|---|------------|
| - Por cada proba na que se participe    | 18 puntos  |
| - Por cada clasificación en final "B"   | 25 puntos  |
| - Por cada clasificación en final "A"   | 50 puntos  |
| - Medalla de bronce                     | 75 puntos  |
| - Medalla de prata                      | 100 puntos |
| - Medalla de ouro                       | 150 puntos |
| - Medalla de bronce (probas de relevos) | 35 puntos  |

|  |           |
|--|-----------|
| - Medalla de prata (probos de relevos) | 45 puntos |
| - Medalla de oro (probos de relevos)   | 70 puntos |

Estas puntuacións non son acumulables para unha mesma proba, só se terá en conta a mellor das mesmas.

#### Alínea 4: Campionato de España por Comunidades Autónomas

|                                      |          |
|--------------------------------------|----------|
| - Por cada proba na que se participe | 2 puntos |
|--------------------------------------|----------|

A esta puntuación engadirase:

|   |            |
|---|------------|
| - Por cada sexto posto                        | 15 puntos  |
| - Por cada quinto posto                       | 20 puntos  |
| - Por cada cuarto posto                       | 25 puntos  |
| - Por cada terceiro posto                     | 50 puntos  |
| - Por cada segundo posto                      | 75 puntos  |
| - Por cada primeiro posto                     | 100 puntos |
| - Por cada terceiro posto (probos de relevos) | 25 puntos  |
| - Por cada segundo posto (probos de relevos)  | 37 puntos  |
| - Por cada primeiro posto (probos de relevos) | 50 puntos  |

#### Alínea 5: Selección Nacional (só competicións, exclúense as concentracións)

|   |            |
|---|------------|
| - Por cada vez que se resulte designado | 75 puntos  |
| - Por participación en Cto. de Europa   | 150 puntos |
| - Por participación en Cto. do Mundo    | 200 puntos |
| - Por participación en Xogos Olímpicos  | 250 puntos |

As puntuacións que figuran nas tres últimas alíneas, Cto. Europa, do Mundo e Xogos Olímpicos levan xa incluídas os setenta e cinco puntos da primeira alínea por designación.

#### Alínea 6: Outros méritos

Para a contabilización destes puntos é necesario ter sido, como mínimo, finalista "B" no Cto. de España Absoluto.

|  |           |
|--|-----------|
| - Residencia durante a tempada fóra do domicilio habitual por necesidade laboral e/ou académica(*) | 30 puntos |
| - Realizar estudos superiores  | 30 puntos |

[\*] Só se considerará cando o domicilio habitual sexa dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.

## Observacións:

1. O importe total das Axudas Anuais será o que figure no Orzamento aprobado pola Asemblea Xeral unha vez deducida a cantidade destinada directamente ao Campionato por Comunidades Autónomas que se repartirá entre os participantes proporcionalmente aos puntos obtidos. Para a presente tempada o importe total é de 12.000 euros, 3.000 resérvanse para o devandito Campionato, quedando 9.000 euros destinados á presente normativa.
2. Ningunha das axudas poderá ser superior ao 25% do total da partida orzamentaria
3. A Federación publicará os datos dos deportistas afectados no mes de setembro de 2006, podendo os interesados presentar as reclamacións que estimen oportunas antes do 31 de outubro do mesmo ano.

A Coruña, 21 de xullo de 2006

Secretaría Xeral FEGAN